

13



## Ollos abertos

### Con esforzo e superación

Hai situacións na vida que nos parecen difíciles de superar. Pero, se poñemos esforzo, seremos capaces de conseguilo.

Persoas que se esforzan	Persoas que non se esforzan
	O estudante descoidado, que se distrae na clase, que deixa todo para o final.
	O atleta que se desanima, que cede ante o cansazo, que non fai caso ao adestrador.
	O enfermo que non se coida, abusa de cousas que o prexudican, non segue os consellos do médico.

▶ ¿Cal dos dous tipos de persoas cres que logrará triunfar e ter éxito?

▶ ¿Por qué?



## Mirada penetrante

### Coa axuda dos demais

Hai cousas que non podemos conseguir por nós mesmos. Necesitamos que nos axuden outras persoas co seu esforzo e coa súa entrega xenerosa.

#### ■ Necesitamos dos demais

Estas persoas...	necesitan a axuda de...
O enfermo...	
O náufrago...	
O accidentado...	
O perdido...	
O estranxeiro...	
O ignorante e inexperto...	



## Oídos atentos

### A resurrección de Xesús

Cando enterraron a Xesús, parecía que todo rematara. Pero a súa entrega non podía acabar nun fracaso. Por iso o Pai premiouno cunha resurrección gloriosa.

## 1 Os discípulos atópanse con Cristo Resucitado.



- Foron as mulleres visitar o sepulcro. De pronto un anxo do Señor achegouse... e díxolles:
  - Non teñades medo; ben sei que buscades a Xesús, o crucificado. Non está aquí, resucitou como dixera... Elas marcharon do sepulcro con toda a présa... Entón Xesús saíulles ao encontro e díxolles:
    - Non teñades medo; ide avisar aos meus irmáns que marchen para Galilea, que alí me verán. (Mt 28,1-2.5-10)



- Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas por medo aos xudeus, chegou Xesús, e poñéndose no medio díxolles:
  - ¡Paz convosco!É mostroulles as mans e o costado. Os discípulos alegráronse, vendo ao Señor. (Xn 20,19-20)



► Rele os textos anteriores e responde a estas preguntas:

- ¿A onde foron as mulleres?
- ¿Que atoparon no sepulcro?
- ¿Que lles dixo o anxo?
- ¿Que lles pasou cando fan de camiño?
- ¿Que dixo Xesús aos seus discípulos?
- ¿Que lles ensinou?
- ¿Que sentiron eles?

## 2 Os apóstolos anunciaron por todas as partes a resurrección de Xesús.



- Pedro, en pé cos once, levantou a voz e declarou solemnemente:
  - A Xesús o Nazareno, vós matástelo, crucificándoo... Pero Deus resucitouno, librándoo das dores da morte, pois non era posible que a morte dominase sobre El. (Feit 2,22-24)

■ A resurrección: o acontecemento central da nosa fe.

Con este feito empeza algo totalmente novo, que cambiará por completo a nosa vida e o futuro do mundo.

Así nolo narra a Biblia:




- Cristo, ao morrer, morreu ao pecado unha vez para sempre; pero, ao vivir, vive para Deus. (Rom 6,10)



- Cristo, resucitado de entre os mortos, xa non volve a morrer, a morte xa non pode nada contra El. (Rom 6,9)



- **Quen resucitou a Xesús, o Señor, tamén nos resucitará a nós con Xesús, e daranos un posto con El na vosa compañía.** (2 Cor 4,14)
- **O poder de Deus... resucitou a Xesús de entre os mortos e sentouno á súa dereita nos ceos.** (Ef 1,19-20)
- **Por iso Deus o exaltou sobre todo... para que toda lingua proclame, para gloria de Deus Pai, que Xesús é o Señor.** (Flp 2,9-11)



► Relaciona os textos bíblicos das páxinas anteriores (77 e 78) con este esquema: busca a qué número se refire cada texto bíblico e escribe ese número nos círculos que os acompañan.

**A Resurrección de Xesús é o centro da nosa fe.  
Xesús é o Señor e o Salvador.  
A El dámoslle toda honra e toda gloria por sempre.**



## Memoria esperta

### Sentido da resurrección de Xesús

A Igrexa proclamou sempre a Resurrección de Xesús como o máis importante da nosa fe, e invítanos a todos a acollela con gozo e esperanza.

- **¿Que profesamos no Credo cando dicimos “Xesucristo resucitou ao terceiro día de entre os mortos”?**
- **¿Como se aseguraron os Apóstolos da realidade da resurrección de Xesús?**
- **¿Que sentido tén a Resurrección de Xesús?**



## Mans activas

### Proclamamos a resurrección de Xesús

Porque Xesús vive resucitado, tamén nós vivimos a nova vida de resucitados.

#### ■ Xesús vive resucitado e glorioso

Porque Xesús vive resucitado e glorioso, nós:

- Gabámolo porque está triunfante e glorioso, ascendido ao ceo e sentado á dereita do Pai.



#### ■ Nós vivimos a vida de resucitados

Tamén nós debemos vivir a nova vida de resucitados que Cristo nos dá.

#### ► ¿Cando vivimos coma resucitados?

- Cando vivimos coma fillos de Deus e irmáns dos outros.
- Cando vencemos a envexa, a preguiza, o cansazo, o mal xenio...
- Cando temos alegría, optimismo, bo humor no medio das dificultades.
- Cando superamos o pecado e recibimos o sacramento da Penitencia.
- Cando cada domingo celebramos con alegría a resurrección na Eucaristía.

► Relaciona cada frase anterior coa palabra da esquerda que corresponda.

► ¿Cales destas actitudes deben ser máis importantes para nós?